

## ***XI FESTA CORSARIA - Gago de Mendoza VI CONCURSO DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN***

**Primeira.** O Concello de Marín convoca o VI Concurso de Decoración e Ambientación dentro do programa de actos da XI Festa Corsaria.

**Segunda.** O obxectivo deste concurso é premiar o establecemento hostaleiro e mesa de particulares, que polo seu enxeño e ambientación corsaria merezan a consideración do xurado, e así incentivar á cidadanía marinense e os visitantes, á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da Festa Corsaria.

**Terceira.** Para participar deberá de facerse constar na solicitude de inscrición.

**Cuarta.** Tanto a temática como o deseño da decoración será acorde coa época corsaria.

No caso dos particulares valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, así como a vestimenta dos comensais.

Nos locais de hostalería valorarase a ambientación e decoración interior e exterior, zona de terrazas e vestimenta.

**Quinta.** PREMIOS:

1º Premio para o local de hostalería gañador – 200€

Accésit para local de hostalería – 100€

1º Premio para a mesa gañadora de particulares – 200€

Accésit para mesa de particulares – 100€

**Sexta.** O xurado do concurso estará composto por representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida marinense.

**Sétima.** A decisión do xurado farase pública o sábado 20 de agosto ás 21:00h na propia Festa Corsaria.

**Oitava.** Os premios económicos serán entregados en metálico o sábado 20 de agosto ás 21 horas.

**Novena.** A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.

**ORGANIZACIÓN**